

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------|------------|---------------|
| 36006377 | CEIP Álvarez Limeses | Pontevedra | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Relixión Católica | 4º Inf. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 14 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 15 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 16 |
| 9. Outros apartados | 16 |

1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro indica na súa disposición adicional primeira que as ensinanzas de relixión incluíranse no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

Así pois, o obxectivo principal desta PD é a de facilitar ao alumnado a adquisicións dos contidos propios da materia.

O CEIP Alvarez Limeses é un centro situado no centro urbán da cidade de Pontevedra e recibe o alumnado desta mesma zona de influencia.

El centro conta na actualidade conta coas seguintes etapas e unidades habilitadas:

- Educación Infantil: 6 unidades.
- Educación Primaria:12 unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1 | | | 1 | 1 | | | |
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana. | | | | | 1 | 1 | | |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrinto nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | | | | | | 1 | 1 | |
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrinto os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza. | | | | | | | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | 1 | | | | 1 | 1 | | |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa. | 1 | | | | | | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Vamos o Cole! | No cole temos amigos e amigas | 6 | X | | |
| 2 | O Nacemento de Xesús | Coñecemos algunha tradición de Nadal. | 8 | X | | |
| 3 | Xesús é o meu amigo | Acercamos a figura de Xesús | 5 | | X | |
| 4 | Semama Santa | Recoñecer algún elemento deste tempo | 6 | | X | |
| 5 | María nai de Xesús | Coñecer a figura de María | 5 | | | X |
| 6 | A Igrexa casa de todos | Coñecer o edificio ao que chamamos igrexa. | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 1 | Vamos o Cole! | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
| | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas | TI |
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndolas cunha actitude de asertividade e respecto. | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 2 | O Nacemento de Xesús | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico | |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, despertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (igrexa, escultura) | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Respecta as diferentes formas de celebrar o Nacemento de Xesús | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A oración de Xesús. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Xesús é o meu amigo | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Recoñece a Xesús como modelo de amizade | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Identifica a amizade como un valor que nos ensina Xesús. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4 | Semama Santa | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva. | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais. | |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacíficas. | |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas. | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús. | |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Axuda a xerar espazos pacíficos baseados na figura de Xesús. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | É quen de recoñecer a Xesús no relato da Paixón. | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Respecta as diferentes formas de celebración da Pascua cristiá | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 5 | María nai de Xesús | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor | |
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva. | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|-----------|
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto. | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas | |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A figura da Virxe María. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------|-----------------|
| 6 | A Igrexa casa de todos | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades. | Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa | |
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor | |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións | |
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio. | É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...) | |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Recoñece que o servizo aos demais membros dunha comunidade e motivo de satisfacción e ledicia | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiáns e mesmo doutras relixións. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. |

Contidos

- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

METODOLOXÍA

A metodoloxía reflicte o conxunto de decisións que informan e definen a práctica educativa. A elaboración das propostas pedagóxicas desta etapa atenderá a diversidade dos desenvolvemento e autonomía do nenos e nenas e fomentará se o traballo en equipo.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A práctica educativa en Educación Infantil permite diferentes enfoques metodolóxicos, non obstante é conveniente considerar algunhas ideas fundamentais que han de sustentar a acción didáctica. Estes principios ofrécese como referentes para orientar a práctica docente na Educación Infantil:

¿ Enfoque globalizador. Este enfoque permite que os nenos e nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, poñendo en xogo de forma interrelacionada mecanismos afectivo, intelectuais e expresivos.

¿ Aprendizaxe significativo. Aprender de forma significativa e con sentido require establecer numerosas relacións entre o que xa se coñece e o que vai aprender e teñe como consecuencia a integración dos coñecementos, o que permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e contextos.

¿ Atención á diversidade. Atender á diversidade supón recoñecer que cada neno ou nena é unha persoa única e irrepitible, coa súa propia historia, afectos, motivacións, necesidades, interese, estilo cognitivo, etc. Polo que a práctica educativa haberá de ser aberta, diversa e flexible para poder adaptarse aos nenos e nenas respectando as diferenzas persoais.

¿ O xogo. O xogo é un dos principais recursos metodolóxicos d esta etapa. A través dos xogos (motores, de imitación, de representación, expresivos, simbólicos¿) e ás emocións propias e dos demais.

¿ O papel activo do alumnado. A actividade infantil é un requisito indispensable para o desenvolvemento e aprendizaxe. Os nenos e nenas destas idades aprenderán facendo, nun proceso que require observación, manipulación, experimentación e reflexión.

¿ O contexto. Á hora de planificar as prácticas educativas hai que ter en conta que non todos os contextos presentan as mesmas características e potencialidade educativa. Os elementos físicos (materiais, espazo, tempo), culturais (hábitos, normas, valores) e afectivo-sociais (relación entre nenos, familias, outros adultos) poden permitir ou inhibir o desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas.

¿ Os espazos. Todos os espazos da escola deben considerarse potencialmente educativos en tanto que son escenarios de acción-interacción-comunicación. A súa organización debe orientarse hacia a satisfacción das necesidades e atender o interese das persoas que nel conviven: de movemento, afecto, xogo, exploración, comunicación, relación, descanso, aprendizaxe compartido, comunicación, etc.

¿ Os materiais. A selección de materiais diversos favorecerá o descubrimento, permitirá a observación, a simbolización e a representación. Poden considerarse materiais educativos aqueles elementos e obxectos de

calquera orde con os cales os nenos e nenas interactúan e xeneran aprendizaxes.

¿ O tempo. O tempo entenderase, nesta etapa, como instrumento ou ferramenta útil para a organización da vida escolar pero tamén como elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e nenas. Organizarase de maneira flexible e natural para que sexa posible non só a actividade senón tamén o contacto persoal, a participación, a reflexión e o debate.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DO ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Os materiais do área de Relixión Católica acompañan aos nenos e nenas no seu proceso de desenvolvemento consolidando e ampliando os logros alcanzados; os inician nas distintas formas de comunicación e expresión e no recoñecemento dun entorno social e natural axudanlles a elaborar unha imaxe positiva e equilibrada de se mesmos; e , a adquirir uns hábitos básicos de convivencia e de comportamento autónomo.

As propostas pedagóxicas e actividades educativas respectan as características propias do crecemento e o aprendizaxe dos nenos e nenas.

O método de traballo pode ser individual ou cooperativo ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración.

As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria,

imaxinación, creatividade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Biblia infantil |
| Materiais para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...) |
| Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura) |
| Monicreques |
| Materiais audiovisuais |
| Ordenador e pantalla dixital |

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, o recoñecemento de distintas emocións e como canalízasas.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

-Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Educación para a saúde | X | X | | X | | X |
| ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía | X | X | X | X | | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | | |
| ET.6 - Educación para a solidariedade | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|--|----------|----------|----------|
| Día da Paz | O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende o centro para festexar o día 30 de xaneiro. | | X | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada. |
| Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes. |
| Metodoloxía empregada |
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo. |
| Vínculo o aprendizaxe ca vida real. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adapto as actividades a diversidade da aula. |
| Clima de traballo na aula |
| Potencio a participación dos alumnos na aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe. |

| |
|--|
| Outros |
| Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro. |
| Busco un clima de benestar cos meus compañeiros. |

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisarei a programación a través do apartado correspondente de Proens. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.
- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e da metodoloxía coas necesidades reais

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións.

9. Outros apartados